

CARACTERÍSTICAS MUSICAIS NO CLASICISMO



Lucía Alcalde Lorenzo

➡ **Música no Clasicismo:** cortesá, refinada, elegante, obxectiva e pouco emocional



➡ **Variedade de elementos** nunha mesma composición: distintos ritmos, melodías e temas, cambios e substitucións tímbricos e de carácter, riqueza dinámica... todo iso moldeado con flexibilidade e elegancia. Pérdense os contrastes barrocos ríxidos.

➡ **A melodía é moi importante:** natural e equilibrada, construída con frases simétricas e liñas limpas de adornos

→ **Frases cadradas** de 4, 6, 8, 12 ou 16 compases

→ **Tema clásico:** a diferencia do barroco (ornamentado, de estrutura complicada), agora a frase musical é breve, periódica e delimitada (case sempre en 2 partes iguais). É simple e concisa e podía apoiarse nunha melodía popular que servía de base para o acompañamento harmónico. Isto aumenta a sensación de equilibrio e unidade estilística.

Estrutura: A (a'-a') - B (c-a'')




Exemplo de partitura (Mozart)

→ **Harmonía clara:** predominan as tonalidades maiores sobre as menores

→ **Ritmo** sinxelo e regular

→ Tamén se incorporan os **cambios graduais de intensidade**. Estes, producen algo impactante na época



→ **Texturas:** máis transparentes e lixeiras ca no Barroco.

A melodía acompañada sobre pasa ao contrapunto

→ Hai máis **flexibilidade no timbre**, crece a orquestra e desaparece a importancia do baixo continuo, imponéndose o **piano**. Desaparece o clave. Segue desenvolvéndose a música instrumental.



➡ Más **prestígio de formas instrumentais** (sinfonía, sonata, concerto, cuarteto...)

➡ Predomina un **carácter** lixeiro, optimista e luminoso.

➡ Imponse o **escrito sobre o improvisado**. A escritura musical era complexa, polo que comezaron os ensaios e apareceu un director de orquestra.




Cuarteto de corda

→ Aparecen os **concertos públicos**

→ A **música editada** ten unha gran extensión



Haydn  Sinfonía nº 3 en Sol Mayor I-Allegro

<https://www.youtube.com/watch?v=xWvlqiSuYcY>